			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.5.3. Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE

3. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada para levar a cabo esta programación seguirá entre outros os seguintes principios ser: flexible, activa, participativa, integradora, socializadora, lúdica, creativa.

Os estilos de ensinanza empregados van dende os máis directivos (como poden ser un mando directo ou asignación de tarefas) ata os menos directivos (como a resolución de problemas, a libre exploración) pasando por estilos que fomentan a participación, xa que serán seleccionados en cada momento en función dos intereses educativos de cada situación. Á hora de propoñer actividades ao longo dunha sesión traballaremos sempre variando a organización do grupo de forma organizada e eficaz porque entendemos que das relacións que se establecen cos compañeiros se poden extraer coñecementos moi proveitosos, deste xeito fomentárase:

- O traballo individual.
- O traballo por parellas.
- O traballo en grupos reducidos ou subgrupos.
- O traballo en gran grupo no que todos/as colaboren e axuden no desenvolvemento da clase.

- *Metodoloxía da lingua galega e castelá*

A aprendizaxe da lingua é esencial para ter éxito no resto das asignaturas. Por iso hai que abordar a súa aprendizaxe cunha metodoloxía coherente, flexible e eminentemente práctica. Puntos a ter en conta:

1. Partirase de coñecementos previos e das experiencias do alumnado, creando unha aprendizaxe significativa e fomentando a interdisciplinabilidade coas outras áreas. O alumnado é o protagonista do proceso.
2. Lectura: Leranse textos propios da literatura infantil, que fomenten o gusto pola lectura e que partan dos seus coñecementos e experiencias. Fomentárase o hábito de ler (hora de ler). As lecturas serán orixinais, con historias que atrapen ao alumnado, imaxinativas, coloridas e con ilustracións atractivas. Tamén se iniciarán na lectura de textos clásicos e contemporáneos de calidade, presentados de forma atractiva. A práctica da lectura será diaria para poder aumentar a velocidade lectora e os textos escolleranse de forma gradual segundo a idade do neno/a. Traballarase as habilidades lectoras

propias do seu curso. Intentarase detectar calquera problema que poida xurdir neste ámbito (cambio de letras, lectura vacilante...)

3. Escritura: A composición de textos escritos seguirá as fases de planificación, redacción, revisión e mellora. Iniciarase con textos moi sinxelos e irase avanzando cara textos máis complicados de diversos tipos. Paulatinamente irase incorporando ao vocabulario traballado e ás regras aprendidas ao longo do curso. Practicarase en diversos formatos. Detectarase a través da observación diaria os problemas que poidan aparecer relacionados con este tema (dislexias...).

4. Comprensión lectora: Realizaranse numerosas e variadas actividades para traballar e desenvolver habilidades e estratexias de comprensión: preguntas directas, exercicios de completar, ordenar secuencias, unir, buscar vocabulario...

5. Comprensión e expresión oral: Traballarase a partir de textos orais en situacións comunicativas cercanas á súa experiencia. Traballarase tamén o turno de palabra, a entoación, os xestos, expresións faciais e o uso do vocabulario axeitado.

6. Reflexión lingüística: Estudarase de forma integrada a gramática, ortografía e o vocabulario

7. Competencias clave: Realizarase un plantexamento integrado e funcional coa finalidade de que os contidos desta área contribúa no desenvolvemento das competencias.

8. Autoaprendizaxe: Aprendizaxe autónomo, autoavaliación das súas prácticas comunicativas cotiáns. Os nenos e nenas irán correxindo os erros e avaliando o seu traballo e progreso.

9. Aplicación das TIC: Utilización das TIC de forma eficaz no proceso ensino-aprendizaxe: busca de información, elaboración de presentacións, realización de prácticas on line.... Traballarase coa aula virtual durante todo o curso, tanto presencial como non para que chegado un confinamento teñan un control sobre esta ferramenta, co libro dixital.

A mestra actuará de mediadora creando un clima axeitado de aprendizaxe, motivando ao alumnado propoñendo desafíos e hipóteses, adaptándose ao alumnado, potenciando a aprendizaxe a través do descubrimento e favorecendo o traballo en grupo. As actividades serán motivadoras e innovadoras integrando a aportación dos novos enfoques (intelixencias múltiples, traballo cooperativo) e serán graduais e graduadas atendendo á diversidade do alumnado.

- *Metodoloxía da área de matemáticas*

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e as formas, que se van progresivamente completando ata constituír un modo valioso de analizar situacións variadas. Os contidos de aprendizaxe parten do próximo, e abórdanse en contextos próximos ao alumnado, e situacións reais de resolución de problemas. Os alumnos e alumnas deben aprender partindo do que xa coñecen e das súas propias experiencias.

Buscamos desenvolver no alumnado a competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos, unha alfabetización numérica e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións reais.

Estrutúrase nos seguintes bloques:

Procesos, métodos e actitudes matemáticas son eixe fundamental da área, desenvolverémolo simultaneamente ao resto de bloques. Articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no que facer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, as actitudes e a utilización de medios tecnolóxicos.

Números. Preténdese o afianzamento do sentido numérico e a aprendizaxe dos números. Continúase coa aprendizaxe das operacións básicas, incrementando progresivamente a dificultade das mesmas.

Os pasos dos algoritmos represéntanse de modo gráfico para que o alumnado poida seguiilos de xeito sinxelo e ordenado. O cálculo mental unha parte fundamental da matemática aplicada á vida cotiá, por iso realizaremos actividades para que o alumnado teña que elaborar e utilizar estratexias de cálculo mental.

Medida. Ao longo do curso consolídanse as unidades de medida, realízanse medicións usando instrumentos e unidades de medida convencionais apropiadas, ademais de estimacións de obxectos da vida cotiá. Con iso preténdese facilitar a comprensión das situacións nas que se cuantifiquen magnitudes para que as interpreten correctamente, así como espertar o interese por coñecer e expresar mediante un vocabulario apropiado, tanto de forma oral como escrita, as unidades utilizadas e o proceso seguido nas medicións.

Unha vez coñecidas as magnitudes, pásase á realización da medición de xeito gráfica e real en situacións diversas, así como establecendo os mecanismos para efectualas: elección de unidade, relacións entre unidades, etcétera.

Xeometría. Abórdase de modo que o alumno/a poida asimilala a través do uso de materiais e de modelos reais. No referente ao plano trabállanse distintos tipos de ángulos, figuras planas, figuras circulares, corpos xeométricos, figuras viradas, trasladadas e simétricas e a representación elemental de planos e mapas. Preténdese que o alumnado sexa capaz de describir, analizar propiedades, clasificar e construír as diferentes figuras e corpos xeométricos.

Estatística e probabilidade. Preténdese, por unha banda, que o alumnado comprenda a información que se transmite nos distintos medios de comunicación e, por outro, que aprenda a realizar un tratamento matemático da información mediante unha recollida ordenada de datos ata a interpretación e a construción de diferentes tipos de gráficos.

Resolución de problemas. Ademais dos diversos problemas habituais referentes a contidos traballados, dedícanse sesións específicas para coñecer e dominar algunhas estratexias concretas de resolución de problemas. Comézase sempre cun apoio visual para situar o contexto e, despois analízase polo miúdo vocabulario empregado asegurándonos da comprensión lingüística do mesmo. Propóñense problemas que están, relacionados cos conceptos estudados na unidade, conseguindo desta forma reforzar os contidos estudados ata o momento. Incrementarase a dificultade das estratexias de xeito progresivo.

Lóxica e desafíos matemáticos: actividades de pensamento lóxico e matemático a través da observación, a intuición, a creatividade e o razoamento lóxico. Estas actividades están pensadas para experimentar, descubrir propiedades e relacións, interpretar feitos, consolidar os contidos do currículo escolar e aplicar os seus coñecementos a distintas situacións.

Estes bloques trabállanse de xeito coordinado e relacionado a partir dos seguintes eixes:

A lectura e a comprensión lectora. A lectura constitúe unha peza fundamental para unha aprendizaxe eficaz. Daráselle especial atención á corrección de problemas, analizando a comprensión e vocabulario.

Uso das ferramentas tecnolóxicas.

Seguiranse os seguintes principios da metodoloxía:

A metodoloxía será activa, motivadora e comprensiva partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado. Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á súa aprendizaxe mecánica.

A atención a diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos/as.

- *Metodoloxía da área de ciencias da natureza*

Formulárense preguntas e buscar respostas sobre sucesos que ocorren ao redor, relacionarse co medio axudan a construír e estruturar o coñecemento. As Ciencias da Natureza céntranse en desenvolver no alumnado as capacidades e ferramentas básicas que contribúen a:

- Establecer interaccións entre experiencias previas e situacións novas.
- Ampliar as súas perspectivas e enriquecer as súas percepcións.
- Achegarse ao método e ao traballo científicos.
- Desenvolver actitudes baseadas na responsabilidade do seu comportamento sobre a diversidade dos seres vivos, os recursos e o medio natural.
- Desenvolver a súa capacidade para interpretar o medio e intervir nel de modo independente e construtivo.

Bloques:

- Iniciación á actividade científica. Foméntase a aproximación experimental a diferentes cuestións relacionadas co método científico, utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información e realizar unha selección desta que lle permita simular procesos e obter as correspondentes conclusións.
- O ser humano e a saúde. Foméntase o progreso do alumno/a no coñecemento de si mesmo e das súas diferentes funcións vitais, o coñecemento dos correspondentes órganos implicados e a necesidade de adquirir e de manter hábitos de vida saudables.
- Os seres vivos. Pártese da observación dos seres vivos para desenvolver as súas características, clasificacións e tipos; afóndase no estudo de plantas e animais, e incúlcanse hábitos de respecto e coidado cara a todos os seres vivos.
- Materia e enerxía. Perséguese, mediante a experimentación, que o alumnado alcance o coñecemento dalgúns conceptos que lle serán útiles para aprendizaxes posteriores relacionadas con sinxelos fenómenos físicos e químicos.
- Tecnoloxía, obxectos e máquinas. Insístese na utilización de diferentes ferramentas e máquinas a partir da análise dos seus compoñentes e na importancia da revolución tecnolóxica e as súas consecuencias futuras, así como o uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación.

Estes cinco bloques trabállanse de maneira coordinada e relacionada a partir dos seguintes eixes clave:

- A lectura e a comprensión lectora. A lectura constitúe una peza fundamental do ámbito educativo que se converte nun vehículo fundamental para unha aprendizaxe eficaz en calquera das áreas.
- A adquisición das competencias clave. Propostas a partir dunha formulación integradora e funcional. A transversalidade e o dinamismo dos coñecementos, o que implica un proceso de desenvolvemento para adquirir maiores niveis de desempeño no uso das competencias clave.
- O desenvolvemento da aprendizaxe autónoma. Co obxectivo de dotar o alumno das capacidades necesarios para desenvolver as súas propias aprendizaxes de forma autónoma en, Aprendo a aprender, traballan diferentes técnicas de estudo.
- O valor da cooperación. En cooperamos para aprender os alumnos a través da aprendizaxe cooperativa, presentarán un traballo en grupo no que apliquen os coñecementos traballados durante o trimestre.

Principios da metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe:

- A adecuada selección e secuenciación de contidos. Axuda a afianzar os temas traballados.
- A aprendizaxe significativa. As aprendizaxes que o alumno/a vai realizar fórmulanse a partir dos coñecementos e das experiencias que este xa posúe, o que facilita que o alumno/a aprenda a aprender. Os alumnos se inician nos pasos do método científico en diferentes situacións prácticas.
- O enfoque funcional. O estudo do medio lévase a cabo desde un punto de vista práctico e crítico, co fin de proporcionar aos alumnos/as os coñecementos e as habilidades necesarios para relacionarse con el e os seus compoñentes.
- A motivación do alumnado. A necesidade de que o alumno/a adopte un papel activo. As actividades prácticas e relacionadas coa realidade e entorno próximo dos alumnos/as.
- O progreso e o reforzo das aprendizaxes. Actividades destinadas a que os alumnos/as poidan repasar e reforzar as aprendizaxes xa realizadas.
- A atención á diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnado.
 - *Metodoloxía da área de ciencias sociais*

As Ciencias Sociais considerámolas como instrumento ou vehículo integrador de diferentes disciplinas que estudan as persoas desde a súa dimensión de seres sociais e as súas relacións entre si e con diferentes aspectos que abranguen desde os xeográficos

aos históricos ou económicos. Céntranse en desenvolver no alumnado as capacidades e ferramentas que contribúen a:

- Establecer interaccións entre experiencias previas e situacións novas.
- Ampliar as súas perspectivas e enriquecer as súas percepcións.
- Aprender a vivir en sociedade e desenvolver a súa curiosidade polo complexo social no que se encontra inmerso.
- Adquirir diferentes referencias históricas que lle permitan localizar no tempo e o espazo sucesos relevantes.
- Comprender e respectar diferentes culturas.
- Desenvolver a súa capacidade actuar o medio social no que vive poñendo en práctica valores que favorezan a liberdade, a tolerancia e a cidadanía.

Dividimos a área nos seguintes bloques:

- Contidos comúns. Perséguese a iniciación do alumno/a no coñecemento científico e a súa aplicación as Ciencias Sociais, así como a procura de estratexias para obter e seleccionar información mediante diferentes métodos e fontes, e establecer as súas propias conclusións.
- O mundo en que vivimos. Foméntase o progreso do alumno/a no coñecemento da xeografía, partindo do medio máis próximo e achegándose a medios máis afastados que lle proporcionen unha visión conxunta, a partir da utilización de imaxes, mapas, planos, gráficos...
- Vivir en sociedade. Incídese na comprensión da idea de pertenza a un grupo social, valorando a diversidade e o respecto cara os demais.
- As pegadas do tempo. Diríxese á comprensión de conceptos relacionados co tempo histórico comezando, a partir dunhas nocións básicas sobre as grandes etapas da historia, tomando conciencia á súa vez da importancia do patrimonio cultural que hai que valorar e respectar.

Estes catro bloques trabállanse de maneira coordinada e relacionada a partir dos seguintes eixes clave:

- A lectura e a comprensión lectora. A lectura constitúe una peza fundamental que se converte nun vehículo fundamental para una aprendizaxe eficaz.
- A adquisición das competencias clave. Baséase na transversalidade e o dinamismo dos coñecementos, o que implica un proceso de desenvolvemento para adquirir maiores niveis de desempeño no uso de ditas competencias clave.

- O desenvolvemento da aprendizaxe autónoma. Aprendo a aprender, na que se traballan diferentes técnicas de estudo, organizadores visuais e estratexias para desenvolver hábitos de pensamento organizado.
- O valor da cooperación. Cooperamos para aprender, o seu propósito radica en que os alumnos/as desenvolvan, a través da aprendizaxe cooperativa, un traballo en grupo aplicando os coñecementos traballados.

Principios metodolóxicos:

- A axeitada selección e secuencia de contidos. Facilita a interrelación de conceptos e de contidos para afianzar os temas traballados.
- A aprendizaxe significativa O alumno/a partirá dos coñecementos e das experiencias que este xa posúe, facilitando que o alumno/a aprenda a aprender.
- O enfoque funcional. O estudo da sociedade lévase a cabo desde un punto de vista práctico e crítico.
- A motivación do alumnado. Reforzar a utilidade do razoamento dedutivo e indutivo a partir de preguntas específicas relacionadas cos contidos.
- O progreso e o reforzo das aprendizaxes. Realizaremos actividades destinadas a que os alumnos/as poidan repasar e reforzar as aprendizaxes xa realizadas.
- A atención á diversidade e aos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as.
 - *Metodoloxía da área de plástica*

Educación audiovisual:

1. Fomentárase a observación directa de diferentes imaxes fixas (fotos, pinturas, ilustracións) para recoñecer e diferenciar os seus elementos e particularidades.
2. Observárase o entorno fomentando o espírito crítico e a creatividade.
3. Analizárase as creacións artísticas escollidas como punto de partida para elaborar proxectos artísticos.
4. Utilizárase as TIC: fotografía, software específico de debuxo, edición de imaxes

Debuxo xeométrico:

1. Introdúcese de forma progresiva os conceptos básicos do debuxo xeométrico, moi vinculados coa área matemática.
2. Aprenderán a debuxar formas xeométricas a base de práctica. Farán tamén simetrías, series e estruturas compositivas.

3. Utilizarán de forma correcta os materiais específicos do debuxo

Expresión artística:

1. Motivarase aos alumnos e alumnas para que aprendan a desenvolverse cos elementos propios da linguaxe plástica, para que os asimilen e conxuguen de forma expresiva seguindo un criterio persoal.
2. Estudarase de forma teórica e práctica o punto, a línea, plano, color e textura.
3. Faranse actividades que permitan experimentar con distintas técnicas, materiais e ferramentas.

Elaboraranse proxectos artísticos tomando como punto de partida un artista representativo da arte moderna. Os nenos/as estudarán e observarán a súa obra. Asimilarán e experimentarán unha ou varias das súas técnicas mais representativas e logo farán exercicios individuais e cooperativos poñendo en práctica o aprendido. Comentarase primeiro a obra do artista traballado para que se poida desenvolver o espírito crítico. Cooperando cos demais aprenderán a tomar decisión e respectar aos compañeiros/as exercitando a súa propia creatividade.

Nesta etapa, a perspectiva interdisciplinar perfílase como a máis axeitada, xa que supón o establecemento de múltiples relacións entre todo o que rodea aos alumnos/as, o que supón a coordinación das mestras titoras e especialistas que imparten no ciclo.

Tense en conta que as aprendizaxes que realicen os alumnos/as serán significativas e funcionais, e que serán os propios alumnos/as os que deben ter un papel activo neste proceso mediante a acción e a experimentación.

As actividades que se formulen irán sempre secuenciadas de menor a maior complexidade, serán motivadoras, e sempre que sexa posible terán carácter manipulativo. Tamén se ten en conta o xogo, xa que a mellor forma de adquirir os contidos é dunha forma lúdica. Deste modo os alumnos/as van aprender en interacción cos obxectos, co resto de compañeiros/as e tamén cos adultos.

Sempre que sexa necesario, e como medida de reforzo e afianzamento de contidos traballados, trataremos de empregar material adaptado á diversidade da aula (fichas reforzo

ampliación, materiais para a realización de medicións e experiencias científicas, aplicación interactivas, material funxible...)

4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libros de texto da editorial ANAYA.

Libro dixital interactivo.

Biblioteca de recursos.

Materiais para a educación emocional.

Ordenador/tablets.

Encerado dixital.

Material manipulable e experimental propio das áreas.

Material elaborado polas mestras.

5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1. A avaliación do alumnado será **continua e global**, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

2. Os **referentes para avaliar** a aprendizaxe do alumnado serán:

- os criterios de avaliación e, de ser o caso,
- os estándares de aprendizaxe (Decreto 105/2014 do 4 de setembro).

3. Os referentes da avaliación no caso do **alumnado con adaptación curricular** serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

4. A **avaliación das competencias clave** está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe.

- Teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

5. As actitudes e o comportamento corríxense e/ou sanciónanse, pero non se avalían.

6. Non se avaliarán a asistencia nin a puntualidade.

Instrumentos de avaliación xeral

A avaliación debe ir enfocada á mellora do aprendizaxe dos alumnos e alumnas, para elo é necesario diversificar as ferramentas e programas, así como os tempos e espazos na aula para a avaliación dos procesos de aprendizaxe.

As ferramentas que imos utilizar para a avaliación das competencias, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas e para a avaliación dos aprendizaxes concretos postos en práctica nas distintas materias.

Instrumentos de avaliación

- Observación directa.
- Rexistros diarios.
- Probas escritas
- Probas orais: resposta das preguntas diarias, exposición.
- Revisión de cadernos, libros, materiais e exercicios realizados na aula ou na casa; co fin de observar tanto a calidade como a presentación e coidado na realización dos mesmos.
- Entrevistas cos alumnos/as.
- Actitude na aula, convivencia e respecto cara os demais compañeiros do mesmo curso, distinto curso e cara as mestras/es ou profesionais non docente.
- Cuestionarios.
- Asembleas periódicas de revisión crítica e análise da marcha do proceso de aprendizaxe: titorías.

Modalidades de avaliación

- Avaliación inicial: Realizarase as primeiras semanas do curso para determinar as carencias do alumnado. Valoraranse aspectos básicos para determinar o tipo de reforzo e atención individualizada para cada nena/o, onde se priorizará a comprensión lectora segundo o nivel académico e certos coñecementos básicos.

Avaliación formativa continua, que, seguindo a metodoloxía anteriormente exposta, será a máis importante para este ciclo. Con ela pretendemos coñecer como se van acadando os obxectivos, capacidades e competencias, de maneira que se poidan realizar os axustes necesarios en todo o momento para lograr un ensino-aprendizaxe máis efectivo.

Empregaremos para este tipo de avaliación a observación diaria en todo tipo de actividades, revisión de tarefas escritas (resumos, traballos, cadernos, resolución de exercicios e problemas) e realización de probas orais ou escritas ao remate de cada tema agás nas linguas que se realizarán cada dous temas.

Principios de avaliación a seguir:

- Constituirá un medio, non un fin en si mesma.
- Constituirá un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Atenderase ás diferenzas individuais e a todas as necesidades.
- Traballarase conxuntamente entre as mestras/es que forman o ciclo para deseñar todo o proceso.
- Os criterios e as probas serán flexibles.
- Tratarase aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Posibilitarase a corrección dos procesos unha vez detectadas as deficiencias.

Criterios de cualificación:

EXAMES E PROBAS ESCRITAS OU ORAIS: 40% DO TOTAL 4.00

Notas de exames e probas escritas ou orais (puntuación sobre 10)

TRABALLO DE AULA: 60% DO TOTAL 6.00

- **Libro, libretas e fichas**
 - Se fai todos os exercicios
 - Se corrixe os exercicios
 - Se resulta lexible, limpo e ordenado
 - Se respecta a ortografía traballada
 - Se comprende as actividades
 - Nas linguas realizarase unha proba de velocidade lectora por trimestre.
- **Traballos de investigación**
- **Intervencións orais**
 - Achegamento dun problema, explica o resultado
 - Exposicións sobre diversos temas.

- Emprega o vocabulario específico da materia e tema
- Pregunta ao mestre/a cando non sabe ou entende

Na Área de Educación Artística, as materias que forman a área, MÚSICA E PLÁSTICA:

- Quedarán reflectidas no boletín de notas coa nota correspondente a cada unha.
- A nota da área será a nota media de ambas.

Establécese o seguinte criterio de centro para o **cómputo da nota final da área**:

a) Nas áreas sumativas:

- A nota media será o promedio das cualificacións obtidas nas tres avaliacións e, en caso de equidistancia, á superior.
- Considéranse sumativas as seguintes áreas: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Expresión Plástica.

b) Nas áreas progresivas:

- A nota final resultará da ponderación de cada avaliación, de acordo a seguinte porcentaxe:
1ª avaliación: 30%/ 2ª avaliación: 30%/ 3ª avaliación: 40%
- Considéranse progresivas as seguintes áreas: Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Música, Educación Física, Relixión e Valores.

Criterios de promoción

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunida o 29 de marzo de 2022, tomando como base lexislativa a Orde do 22 de xaneiro de 2022 e oídos os equipos docentes de educación infantil e primaria, tomou, respecto dos criterios de promoción, os seguintes acordos que foron aprobados polo claustro na sesión do 29 de marzo do 2022:

- **Decidirase** sobre a promoción do alumnado ao finalizar os cursos **2º, 4º e 6º** de Primaria.
- A promoción no resto de cursos da etapa (1º, 3º e 5º) será **automática**.
- Decidirá sobre a promoción **o equipo docente do grupo** na sesión de avaliación final.

- A decisión será adoptada **de xeito colexiado**, tendo en conta os criterios de promoción.
- De non haber acordo, terase especialmente en consideración a información e o **criterio do profesorado titor**.
- A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de **carácter excepcional**:
 - Tomarase se:
 - Tras **aplicar as medidas ordinarias suficientes**, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno,
 - O equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.
 - O equipo docente organizará un **plan específico de reforzo (artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021)** para alcanzar as competencias correspondentes durante ese curso.
 - Esta decisión só poderá adoptarse **unha vez durante a etapa**.
 - Os pais (nai/pai/titor legal) serán **oídos en sesións de tutoría** convocadas antes da sesión de avaliación para informar da posibilidade de non promoción e informados despois da sesión de avaliación antes da entrega das notas ao alumno/a.
- O alumnado que acade a **promoción de curso con algunha área con cualificación negativa** recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- **Ao finalizar os cursos 2º e 4º** de Primaria, o titor/a emitirá un **informe** sobre o grao de adquisición das **competencias** de cada alumna/o, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
- **Ao finalizar 6º** de Primaria, o titor/a emitirá un **informe** sobre o a súa evolución e o grao de adquisición das **competencias** desenvolvidas. No caso de alumnado con

necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como método de avaliación continua da nosa práctica docente estableceremos nesta programación unha serie de indicadores de logro que nos permitan auto avaliar o noso proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso. Serán os seguintes:

- Materiais empregados: son adecuados, accesibles para os alumnos/as, diversos, motivadores, suficientes, adaptados á diversidade do alumnado, etc.
- Planificación do curso: está a ser adecuada, estase a cumprir a secuenciación dos estándares, o nivel de dificultade é adecuado, o proceso de aprendizaxe está a ser significativo, etc.
- Motivación do alumnado: amósanse interesados, participan na aula activamente, resúltalles atractiva a metodoloxía didáctica, traballan concentrados na aula, hai problemas de conducta, etc.
- Transversalidade e uso das TIC: estanse adaptando ben ao traballo en formato dixital, relacionan os contidos con outras materias, aplican o aprendido en valores e actitudes, etc.

Non só se debe avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, senón tamén o proceso de ensinanza. Neste senso, aos datos aportados pola avaliación continua do alumnado será preciso engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades deseñadas, idades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación do alumnado, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

A avaliación da intervención educativa será continua, polo que convén tomar datos ao longo de todo o proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno.

Para o procedemento de avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente terase en conta:

- Organización e coordinación do equipo.
- Planificación das tarefas. Dotación e distribución de tempo e recursos, e selección do modo de elaboración.
- Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Relación e implicación dos pais/nais. Relación entre os alumnos/as, e entre os alumnos/as e os profesores.

7. AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase ao inicio do curso de maneira que saibamos con certeza as capacidades e actitudes que posúe o alumnado, a valoración dos coñecementos previos, para adecuar o proceso á realidade das súas posibilidades. Para tal cometido empregaremos a observación directa, o diálogo, a asemblea e a realización de probas escritas.

Matemáticas: cálculo (suma, resta e multiplicación e división por unha cifra), números, resolución de problemas, series numéricas, horas, moedas e coñecementos básicos de xeometría.

As linguas: comprensión lectora, composición dunha historia, composición de oracións a partir dunha palabra, ditado de palabras e frases e velocidade lectora.

Con esta avaliación tamén se denotan a falta de madurez de certos nenos/as e aqueles que van necesitar un maior reforzo ou diferente tipo de apoio entre elas a adaptación das medidas de tempo que se lle dedica as tarefas, tendo que adaptar como se vai enfocar a tarefa pola súa lentitude a hora da realización das tarefas.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándose ás características propias de cada alumno/a (resultado da súa historia persoal). Dende un punto de vista educativo, as características individuais non son “trazos” estáticos: poden evolucionar favorablemente. A boa individualización educativa non consiste en diminuír os obxectivos ou os contidos: haberá que axústalos ao tipo de axuda pedagóxica e ás características e necesidades do alumnado. Teranse en conta o nivel de desenvolvemento de cada alumno/a para, na medida do posible, ofrecer unha atención individualizada (para isto contaremos co apoio das mestres de P.T. e de

A.L.). Utilizaremos estratexias para captar a atención como cambios de entoación, xesticulando..., apoiándonos con reforzos visuais. Antes de comezar unha actividade comprobaremos que todo o alumnado a entendeu e durante a realización da mesma supervisarase constantemente para reconducir ou reforzar positivamente. Para o alumnado que ten un ritmo máis lento de aprendizaxe iremos aumentando as expectativas de éxito para eles/as con actividades que poidan superar, utilizaremos espazos diferentes ou a través da axuda dos compañeiros/as como profesorado de apoio.

9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaremos o desenvolvemento dos valores que fomenten:

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- A non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos de todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- O desenvolvemento sustentable e o ambiente.
- O desenvolvemento do espírito emprendedor, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A seguridade viaria e a prevención dos accidentes de tráfico co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicleta, e respecte as normas e os sinais e que favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

FOMENTO Á LECTURA

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do lido abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno/a sinta gusto pola lectura.

A lectura estará presente en todas as áreas. Traballarase diariamente na aula, concedéndolle grande importancia á comprensión lectora, á lectura individual e en voz alta.

O plan anual de lectura do centro ten como obxectivo prioritario capacitar de forma progresiva ao alumnado nas competencias clave. Para conseguilo empregaranse diferentes estratexias de comprensión lectora de forma continuada e progresiva ao longo do ano e utilizaranse as tecnoloxías da comunicación e información necesarias.

Dedicaranse dez minutos diarios ao desenvolvemento do plan lector de forma sistemática. Este tempo de lectura quedará reflectido no horario e nas programacións de aula, onde se especificarán as actividades levadas a cabo. Traballarase os libros escollidos nos diferentes itinerarios lectores (aínda por decidir) e tamén todo tipo de textos que se consideren oportunos. Incidirase na comprensión lectora e traballarase o vocabulario en profundidade utilizando diferentes exercicios e soportes.

Continuaranse realizando todas as actividades programadas desde a biblioteca como eixe primordial do proxecto lector de centro (concursos, lecturas, teatro...) e traballarase ao longo do ano”) desde todas as materias. Celebraranse as datas principais (día das bibliotecas escolares, do teatro, da poesía, do libro...) fomentando actividades de animación á lectura en todos os niveis.

Realizaremos frecuentes visitas á biblioteca do centro. Ademais, seguiremos participando en todos os proxectos de fomento da lectura que se poñan en marcha dentro ou fóra do centro.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura
- Mellorar a pronuncia, entoación, velocidade e o ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario desde todas as áreas do currículo.

- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nodo e desenlace) así como a súa idea principal.
- Identificar aos personaxes protagonistas e secundarios.
- Iniciar ao alumnado no uso do dicionario.
- Potenciar o uso da biblioteca do centro e usala para a busca de información e aprendizaxe e como fonte de pracer.

Prestaremos especial atención á elección dos textos cos que se vai traballar. Trataremos que os textos escollidos sexan motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen. Os criterios a ter en conta para escoller os textos son:

- Grao de maduración do proceso lector:
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos/as.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos e de diferentes xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra axeitada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

EDUCACIÓN DIXITAL

As tecnoloxías da información e a comunicación han de constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

As titoras informarán debidamente ao seu alumnado ao comezo de curso daqueles puntos de máis relevancia dentro do Plan de Convivencia do Centro, especialmente no referente aos dereitos e deberes dos alumnos/as. Entre todos “escolleremos” algún específico para traballar ao longo do curso nas titorías.

Obxectivos:

- Adquirir unha conduta social de cortesía.
- Que os nenos/as sexan capaces de pedir e conceder favores, desculpas, perdoar...
- Desenvolver condutas cooperativas en distintas situacións.
- Que os nenos/as sexan capaces de respectar unha orde de intervención e actuar cando corresponde.
- Que os nenos/as pregunten as cousas de forma respectuosa e ordenada.
- Que os alumnos/as sexan capaces de aceptar críticas xustas e rexeitar as inxustas.
- Que os nenos/as sexan capaces de expresar os seus sentimentos, emocións e preocupacións, permitindo que lle axuden a reducir a súa ansiedade.
-

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

As titoras tentarán infundir no alumnado a idea de Galicia e do galego. Respectando a lei vixente en cada momento, procuraremos poñer sempre ao galego como o idioma nai, impulsando dentro e fóra da aula aquelas actividades que dende o E.D.L. se propoñan para elo.

OBXECTIVOS.

Neste apartado descríbense os obxectivos xerais que son a base do proxecto de fomento do uso da lingua galega, referidos ao centro, ao profesorado, aos alumnado e as familias.

Obxectivos con respecto ao centro.

Velar por o cumprimento, en todo momento da lexislación vixente entorno ao emprego do galego nos centros educativos.

Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas coma fóra delas.

Elaboración do Proxecto lingüístico do Centro.

Elaborar e propoñer para o debate e aprobación as propostas dos borradores da Planificación Sociolingüística do Centro.

Empregar o galego en todas as comunicacións orais e escritas que dende o centro se dirixen aos pais/nais, alumnos/as, e mestres/as.

Manter en galego toda a documentación administrativa e de xestión do centro.

Promover o uso exclusivo do noso idioma en carteis, murais e todo tipo de actividades que se realicen dende o centro.

Adquisición por parte do centro de todo o material en galego que sexa posible: tanto para a Biblioteca como máis específico para que cada mestra/e poida impartir as súas áreas en galego.

Conseguir unha mellora da competencia lingüística e unha valoración positiva do uso da lingua entre os membros da comunidade educativa.

Fomentar e apoiar a participación en todas aquelas actividades que sexan programadas por organismos oficiais encamiñadas a un mellor desenvolvemento da lingua.

Colaborar con outros centros educativos do entorno para levar a cabo actividades que teñan como vehículo de unión a nosa lingua.

Avanzar no estudio dos contidos e da realidade sociocultural do noso país (en parte incorporados nas áreas dos distintos niveis educativos).

Coñecer a toponimia propia dos seus concellos e pobos, así como a flora e os diferentes cultivos da comarca.

Obxectivos con respecto ao profesorado.

Empregar o galego maioritariamente nas súas comunicacións orais e escritas, tanto cos alumnos/as como co resto de integrantes da comunidade educativa.

Participar activamente nas actividades de dinamización propostas polo ENDL.

Colaborar cos distintos departamentos no desenvolvemento das actividades.

Participar na medida do posible en cursos de formación da nosa lingua.

Obxectivos con respecto ao alumnado.

Manter e consolidar a competencia lingüística dos nosos alumnos/as en galego.

Empregar nas actividades complementarias, extraescolares e horas de lecer, o galego como lingua de comunicación.

Afondar no coñecemento da nosa terra e difundir a nosa cultura, potenciando una actitude positiva.

Darse conta e corrixir os erros tanto na linguaxe oral coma na linguaxe escrita.

Obxectivos con respecto ás familias.

Concienciarse da importancia do uso do galego.

Aumentar a valoración do emprego do galego como lingua vehicular en todo tipo de situacións.

Potenciar o emprego do galego nas distintas actividades que se realicen.

10.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

No **C.E.I.P.A PONTE** hai unha coordinación de actividades extraescolares dependente do claustro de mestres. A mesma, antes de cada actividade, celebración ou conmemoración réunese co fin de intercambiar impresións, ideas, posibles feitos, opinión co gallo de crear situacións interesantes e aproveitables tanto para os alumnos como para os mestres.

- Participación nas actividades do Centro (Nadal, Magosto, Día Da Paz, Entroido, Día Do Libro, Día Das Letras Galegas,...)
- Conmemoración das datas sinaladas (Día da Árbore, Día de Rosalía, Día do medio ambiente,...)
- Participación en concursos e exposicións

- Saídas didácticas (aínda en valoración polo claustro)

En calquera trimestre estamos abertos a aquelas actividades que creamos os mestres/as, aproveitables para o alumnado e están englobadas dentro do Proxecto Curricular do Centro educativo. Tamén recordamos que as celebracións e conmemoracións recóllense con oficialidade na orde que aproba o calendario escolar (Orde 20 de maio de 2022).

11.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias clave, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso.